CIG SAÚDE

**CIG-DENUNCIA**

**Oposicións do SERGAS**

# Exames axustados ás funcións. Basta de esixencias desproporcionadas!

**CIG-Saúde vén de presentar un escrito para a anulación das preguntas que exceden as competencias profesionais ou incumpren as bases.**

O acontecido no exame de **técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico** do 24 de outubro volve evidenciar un problema que CIG-Saúde xa denunciou na Mesa Sectorial: probas cunha dificultade desproporcionada e contidos que se afastan das funcións da categoría.

- **Imaxe para o diagnóstico: fóra das competencias**

CIG-Saúde cuestiona preguntas sobre criterios clínicos diagnósticos e dosificacións propias do soporte vital avanzado que exceden as competencias atribuídas á categoría.

- **Fontaneiro/a: as bases deben respectarse**

Incluíronse preguntas sobre normas UNE publicadas apenas un mes antes da proba, malia os límites temporais que as bases establecen para os contidos esixibles.

- **TCAE: preguntas fóra do temario**

CIG-Saúde denuncia a inclusión de preguntas sobre contidos que non figuran no temario da convocatoria. Esixir coñecementos alleos ao programa incumpre as garantías do proceso selectivo.

## Tamén afecta ás listas de contratación

Os resultados dos exames inciden na baremación das listas. Estes cuestionarios poden prexudicar tanto o **acceso a unha praza fixa** como as **oportunidades de emprego temporal.**

### O SERGAS debe asumir a súa responsabilidade

1. **Anular** as preguntas que excedan as competencias, queden fóra do temario ou incumpran os límites temporais das bases.
2. **Garantir** exames proporcionados á titulación, ao temario e ás funcións de cada categoría.